

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto con regulación harmonizada/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DA CIDADE DO DEPORTE DE FERROL E DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN DIRECTOR	
Número expediente	AVH 05004 24/17	Cívidas nº 2024002387
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	06 de maio de 2024	
Hora de inicio	11:43:00	
Hora remate	13:08:00	
Excusan asistencia	Don Ricardo Aldrey Rey, concelleiro delegado da área que propuxo a contratación (Deportes) e don Joaquín Martínez Cubero, xefe de servizo da área que propuxo a contratación (Deportes)	
Asistentes sen voto	Dona M. ^a José González Novo, arquitecta municipal de Urbanismo e don Julián Reina Villalón, en representación do grupo municipal PSOE.	
Acto público	O día 03/05/2024 publicouse en PLACE anuncio de convocatoria pública de apertura de ofertas. Non houbo interesados en presenciar o acto.	

Presidente:

Don Javier Pastor Díaz Mosquera, concelleiro delegado da área de Alcaldía; Promoción Económica e Emprego; Fondos Europeos; Participación e Atención Cidadá; Organización Interna e Contratación.

Vocais:

Dona M.^a Iria Buján Vázquez, xefa de sección, en suplencia da xefa de servizo de Contratación; dona Ana M.^a Vázquez Fernández, directora da asesoría xurídica e dona Rosario Vázquez Fernández, interventora municipal.

Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA**1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (celebrada en data 18/04/2024)**

Se aproba co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto que participaron na sesión anterior.

2.- Valoración da oferta contida no arquivo-sobre electrónico 2 “Oferta de criterios avaliábles mediante un xuízo de valor” (Estudo previo e memoria metodolóxica). Adopción dos acordos que procedan.

Deuse conta do informe técnico de valoración da oferta correspondente a criterios dependentes dun xuízo de valor emitido, en data 25/04/2024, pola arquitecta municipal de Urbanismo.

No informe técnico de valoración consta o seguinte:

PROCEDENCIA: ARQUITECTA MUNICIPAL

DESTINO: CONTRATACIÓN

ASUNTO: INFORME DE VALORACIÓN DO SOBRE 2 DAS OFERTAS PRESENTADAS AL PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DA CIDADE DO DEPORTE DE FERROL E DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN DIRECTOR.

Antecedentes

Con data 18 de abril de 2024 a Mesa de Contratación Permanente solicita para o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada indicado previamente a emisión de informe de valoración da proposta presentada en relación cos criterios dependentes dun xuízo de valor (Sobre 2).

Os criterios de valoración que serven de base para a elaboración do presente informe atópanse recollidos no punto “15. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN” do ANEXO I: CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada para a contratación do servizo de redacción do PLAN DIRECTOR DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DA CIDADE DO DEPORTE DE FERROL E DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN DIRECTOR.

Oferta presentada

Para o presente procedemento consta única oferta da UTE MONTERO PARAPAR ARQUITECTOS- PROYFE, SL e que se remitiu a esta técnica para a súa valoración:

Valoración de criterios dependentes dun xuízo de valor:

Así fíxase o seguinte para o **Plan Director**:

1 Estudio previo cun grao de definición mínimo que permita valorar a Calidade da análise e definición de misión, visión, valores e participación cidadana na Cidade do Deporte de Ferrol **(ata 10 puntos)**.

1 a) Análise, planificación e cronograma estimativo da proposta (ata 5 puntos).

Valórase a idea da proposta que conteña DAFO na que analice as debilidades, fortalezas, ameazas, oportunidades de Cidade do Deporte de Ferrol no eixo de A Malata-FIMO-A Cabana. Definirá os obxectivos de misión e o que aportan á cidadanía e e cómo acadalos. Proposta de planificación por tempos/fases e cronograma estimativo no que recolla adecuadamente as fases de traballo que considere axeitadas para o desenvolvemento do Plan. Tamén deberá ter en conta a identificación dos principais comportamentos que axuden aos propósitos do proxecto Cidade do Deporte de Ferrol no eixo de A Malata-FIMO-A Cabana incorporando a participación cidadana no proceso (comunicación-feedback).

O Estudio Previo para o Plan Director contempla uns cinco obxectivos principais:

A mellora das infraestruturas e servizos existentes, así como a execución de novas infraestruturas a demanda dos usuarios con instalacións eficientes e sostibles.

A mellora da calidade e especialización na organización e promoción das infraestruturas e actividades, así como a implantación de novas tecnoloxías de xestión, reserva e control, acercándoo ao usuario e creando atracción en usuarios, entidades, colectivos e agrupacións deportivas.

O fomento e o aumento en xeral da práctica deportiva frecuente en toda a poboación en tódalas súas disciplinas para a mellora da calidade de vida da cidadanía e particularmente nas poboacións específicas (escolares, persoas maiores, deporte inclusivo, etc.).

A potenciación dos accesos peoniles e rodados lixeiros (bicicletas, patinetes, etc.) e transporte colectivo entre o eixo de A Malata – A Cabana, a cidade de Ferrol e o seu entorno.

A xeración do interese de cidade como polo de atracción deportiva e atraer novos eventos e competicións deportivas federativas que actualmente non son posibles.

A promoción e proxección da cidade de Ferrol xerando un novo eixo de activación para a cidade con repercusión noutros sectores económicos da cidade.

Así determina as accións de análise e desenvolvemento do Plan Director estruturado en 3 fases fundamentais:

Fase I a análise da situación actual; describe a análise desde a perspectiva do contexto normativo (PXOM, afeccións sectoriais, etc), do estado actual das infraestruturas, do contexto organizativo actual e tendo en conta os datos e estadísticas a recabar, a proposta da mobilidade e das zonas de aparcamento e circulación segundo o estado actual e o borrador do PMUS.

Fase II o diagnóstico; coa recollida dos datos da análise da situación e da proposta de consulta así como da participación cidadá basea o DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) adaptado á proposta de traballo dos principais obxectivos. Describe os apartados da matriz DAFO e considérase coherente e axeitada ao planteamento da Cidade do Deporte de Ferrol.

Fase III a planificación estratéxica; en base aos apartados previos formula as liñas estratéxicas da Cidade do Deporte de Ferrol: L1 mellora das infraestruturas deportivas, L2 Ferrol deportiva e saudable e L3 tecnoloxía aplicada á xestión deportiva. Fixa e representa gráficamente o cronograma das diferentes liñas dividindo en dúas actuacións principais (a redacción de documentos en 6 meses e a implantación das liñas estratéxicas definidas no Plan Director en 38 meses).

Puntuación total do apartado 1 a): **5 puntos**

1 b) Memoria expositiva gráfica (ata 5 puntos).

Memoria expositiva escrita que argumenten a calidade da proposta coherente co apartado anterior e que poderá acompañarse de toda aquela documentación gráfica sintética e esquemática que o licitador considere oportuna para definir a solución proposta.

A documentación gráfica do estudo previo que presenta reflicte as afeccións previstas para as diferentes liñas de actuacións (cidade náutica da Cabana, área polideportiva da Malata, recinto Punta Arnela FIMO e Estadio da Malata), así como as conexións en bicicleta, transporte público e vehículos e a capacidade de aparcamento.

A análise gráfica das actuacións previstas (cidade náutica da Cabana, área polideportiva da Malata, recinto Punta Arnela FIMO e Estadio da Malata) non se considera completa; céntrase no estado actual (cunha foto aérea e a simple mención das principais intervencións en candasúa actuación); non describe gráficamente cada actuación ao mesmo grado de detalle como na memoria escrita do estudo previo.

Puntuación total do apartado 1 b): **2,5 puntos**

Puntuación total do apartado 1: 7,5 puntos

Para o **Proxecto básico e de execución** fíxase o seguinte:

1' Estudio previo define a solución da proposta do plantexamento do **Proxecto básico e de execución** da Cidade do Deporte de Ferrol. Achega catro arquivos pdf de planos divididos nas catro liñas de actuación do eixo de A Malata – A Cabana (cidade náutica da Cabana, área polideportiva da Malata, recinto Punta Arnela FIMO e Estadio da Malata) en congruencia co Plan Director proposto na mesma oferta. Tamén, na memoria descriptiva subdivide os apartados susceptibles da valoración nas catro liñas de actuación:

1' a) Calidade técnica, urbanística e arquitectónica (ata 10 puntos).

Axústase a unha idea de dotar de conxunto unitario á proposta para acadar un gran espazo público de uso deportivo e de lecer e a súa integración na trama urbana.

Así, a proposta da cidade náutica de A Cabana presenta unha gran calidade arquitectónica, referido tanto da recuperación dos edificios existentes como do espazo exterior. Xera permeabilidades visuais de cara á ensenada da Cabana que enriquecen o espazo náutico existente. Céntrase na posta en valor da arquitectura do antigo Estaleiro e recupera o uso das antigas instalacións do tinglado para o uso que se proxectou no seu inicio (almacén de embarcacións) e proxectamunha zona de ocio complementaria á deportiva.

A liña de actuación 2 do Pavillón de A Malata, Pistas de Atletismo, Campo de Rugby e Pistas de Tennis céntrase en cuestións de

adaptación funcionais das instalacións existentes (reparacións, mellora das envolventes interiores, acondicionamento de pavimentos, etc).

No entanto, a liña de actuación do antigo FIMO destaca tanto na proposta de gran calidade arquitectónica e funcional que actúa como elemento articulador de toda a Cidade do Deporte. Xera unha fachada máis permeable e dialogante coa ensenada da Malata; recupera as marxes entorno o río Sardiña e planifica un estanque de auga e transforma a parcela inicial nun gran espazo de lecer e de infraestrutura verde; tamén reordena o espazo urbanizado para o lecer e a dotación de aparcamento. Proxecta unha nova piscina climatizada e rehabilita os espazos dos pavillóns existentes dotándoos de idea de conxunto coas envolventes propostas.

Como eixo vertebrador, ademais do paso marítimo da ensenada da Malata, dálle importancia á conexión peonil entre os espazos de FIMO e a parcela do Estadio de A Malata.

A intervención na liña do Estadio de A Malata mellora a imaxe do edificio do ano 1993 respectando a súa arquitectura; vese mellorada principalmente coa proposta de actuacións na envolvente (fachada e cuberta) e na estrutura de cuberta do dito estadio. Estuda a reorganización dos campos de adestramento actuais así como a optimización e mellora dos fluxos de circulación rodados, peonís e espazos de lecer. Aumenta a dotación de aparcamento. Xeran unha rampla exterior de conexión no Estadio que permita o acceso de vehículos de emerxencia e de mantemento ao mesmo tempo que podería empregarse polo público dos eventos deportivos.

Puntuación total do apartado 1´ a): **10 puntos**

1´ b) Características funcionais (ata 10 puntos).

A resposta á cidade náutica de A Cabana non só se centra na rehabilitación dos edificios existentes senón que ademais contempla os fluxos de acceso ao espazo e inclúe a a funcionalidade óptima dos edificios para cada deporte (remo, vela, mergullo, etc). Ordena a funcionalidade dos espazos dos edificios existentes para dar unha resposta axeitada a cada deporte (zona de recepción, aseos e vestiarios, almacéns, oficina, espazos de adestramento, etc). Idea sendos pantaláns integrados no espazo e na arquitectura existente para dotar de funcionalidade ao uso deportivo náutico.

Na liña de actuación do Pavillón de A Malata, Pistas de Atletismo, Campo de Rugby e Pistas de Tenis contempla unha serie de actuacións que melloran funcionalmente as instalacións como intervencións en pavimentos e pechamentos conforme ao marco normativo, a ampliación da pista de rugby e mellora das drenaxes e acabado para as competicións a nivel federativo, a reorganización das zonas de salto e lanzamento, melloras planificadas no polideportivo conforme ás normas de aplicación segundo as necesidades de competicións deportivas de índole nacional e internacional, etc.

No ámbito da antiga FIMO propón espazos flexibles que permiten a práctica multideporte indoor e chegar a simultanear ata catro pistas de baloncesto. Dotarse ao pavillón 5 de gradas para albergar ata 1000 espectadores e incluír a mellora e adaptación (aseos, vestiarios, dependencias, etc) segundo as esixencias nas normas deportivas de aplicación. A zona de xogo permite disfrutar do espazo multideportivo (1 pista de fútbol Sala, 1 pista de Balonmán, 1 cancha de baloncesto, 3 canchas de baloncesto (campo reducido), 3 canchas de voleibol ou 3 pistas de bádminton). A piscina cuberta disporá dun vaso de 50 m habilitada para competicións nacionais e internacionais que poderá albergar sobre 500 espectadores.

Na zona de actuación 4 do Estadio de A Malata céntrase principalmente na actuación da estrutura e da envolvente da cuberta do edificio deportivo para subsanar as deficiencias de estanqueidade e funcionalidade. Propón medidas que facilitan o mantemento e conservación da cuberta. Ditas actuacións vense acompañadas de reparacións e de mellora tanto da envolvente como das instalacións, etc.

Reorganiza o entorno do Estadio de A Malata para aumentar a dotación de aparcamento, optimizar os fluxos de comunicación (circulación, peóns...), melloran os campos de adestramento e compatibilizan o espazo deportivo co lecer.

Implementa a mellora das envolventes dos edificios existentes para acadar unha axeitada eficiencia enerxética para o uso deportivo. Ademais, en tódalas liñas de actuación proxecta a mellora das instalacións para acadar un menor consumo enerxético (ventilación, AQS, etc) e un maior confort térmico dos edificios de uso deportivo.

Puntuación total do apartado 1´ b): **10 puntos**

1´ c) Accesibilidade (ata 5 puntos).

Tanto na memoria gráfica (planos e documentación fotográfica) presenta unha análise da situación actual das instalacións para cada liña

de actuación e unha proposta adaptada acorde coa normativa que lle é de aplicación. Valórase unha proposta que ten en conta a accesibilidade para as persoas usuarias dos equipamentos deportivos que forman parte do conxunto eixo A Malata-FIMO-A Cabana. Así contemplan actuacións encamiñadas á urbanización accesible: pavimentación, itinerarios e eliminación de barreiras arquitectónicas existentes nas catro liñas de actuación definidas. Na proposta achegada inclúe a incorporación de rampas, aparellos elevadores e de plataformas salvaescaleiras para mellorar a accesibilidade dos edificios existentes no ámbito da Malata; tamén reordena os espazos para reserva de prazas accesibles. Dotan de aseos e vestiarios accesibles os edificios existentes así como a nova piscina climatizada para facilitar a práctica do deporte así como o disfrute dos eventos deportivos por parte de tódolos cidadáns.

Puntuación total do apartado 1' c): **5 puntos**

Puntuación total do apartado 1': 25 puntos

Puntuación total dos apartado 1 e 1': 32,5 puntos

2 MEMORIA METODOLÓXICA (10 puntos)

A proposta presenta unha memoria metodolóxica a empregar para levar a bo termo os traballos na que diferencia a parte que afecta á redacción do Plan Director e outra parte que afecta á redacción do Proxecto básico e de execución. Incide na descrición da implantación da xestión integral para o proxecto que inclúe o sistema metodolóxico do plan director e do proxecto básico e de execución. Entre o que se atopa a figura do Project Manager que actuaría como axente integrador das actuacións dos distintos axentes involucrados (comunicacións, xestións, información, modificacións, etc), a xestión do alcance dos procesos necesarios para garantir o desenvolvemento dos traballos e o control integrado de cambios, a xestión do prazo de execución e a súa planificación, a xestión das comunicacións; así como a documentación do proxecto (fases, documentación xerada,...) e a implantación do sistema de xestión.

Desglósase a puntuación nos seguintes apartados:

2a) Descrición da metodoloxía a empregar en relación á redacción do Plan Director (máximo 5 puntos)

A metodoloxía estrutúrase de forma completa e extensa que se desenvolve en nove seccións para proporcionar un marco integral para a elaboración do Plan Director; así pódese resumir en:

- *Recollida de datos*; expón que é a fase fundamental para o desenvolvemento do Plan Director procedendo á identificación das fontes de información e o mapeo dos actores clave, o emprego de técnicas de mostreo estratéxico con enquisas e entrevistas, así como o emprego de tecnoloxías (SIG, etc), a comunicación e colaboración activa con institucións académicas, a análise de datos históricos, a georreferenciación e a cartografía; a validación e a verificación dos datos obtidos, así como a súa custodia e almacenamento seguro, a planificación para ter unha actualización continua dos datos. Tamén fixa a importancia da comunicación transparente mediante o fomento da participación cidadá.
- *Recopilación de información e necesidades dos usuarios*; detallan os enfoques específicos para levar a cabo de maneira efectiva dita recopilación (enquisas, consultas á cidadanía, entrevistas aos grupos de interese, workshops participativos, análises demográficos e socioeconómicas, estudos de mobilidade e accesibilidade para comprender os patróns, análises das infraestruturas existentes, mapeo dos equipamentos, avaliación do impacto socioeconómico, análise das expectativas de desenvolvemento, SIG,...).
- *Comunicacións con organizacións afectadas*; serve para abordar unha comunicación efectivas mediante (identificación das organizacións, reunións, establecemento de grupos de traballo, sesións informativas, canais de comunicacións, toma de decisións, participación,...)
- *Sistema de coordinación cos servizos técnicos municipais*; fundamentalmente fíxase para garantir a viabilidade e a implementación do dito plan (equipos multidisciplinares de traballo, reunións de coordinación, integración de coñecementos e experiencia, coordinación e identificación de problemas, participación activa, etc).
- *Fases de desenvolvemento do plan*; as principais fases están perfectamente definidas na fase de diagnóstico (análise, DAFO), na fase de deseño (desenvolvemento das propostas e solucións axeitadas coa participación cidadá) e na fase de implementación (definición das accións concretas, coordinación interinstitucional, avaliación do impacto e sostibilidade ambiental, monitoreo e avaliación continua,

- *Análise e presentación de avances do plan*; describe as etapas clave de elaboración de informes, reunións de seguimento, presentación pública, consultas, retroalimentación, información aos medios, ...
 - *Comunicación á cidadanía*; para a comunicación efectiva do dito plan baséanse no desenvolvemento da estratexia de comunicación, nas canles, reunións públicas e consultas así como na participación activa e no proceso de realimentación, etc.
 - *Incidencia da normativa sectorial*; fixa a análise, adaptación a avaliación, etc para que o dito plan obteña o cumprimento á normativa de aplicación.
 - *Outros aspectos relevantes*; expón de forma xenérica outros aspectos que puideran ser relevantes como a sostibilidade ambiental, innovación tecnolóxica, resiliencia e adaptación ao cambio climático, impacto socioeconómico, inclusión social.
- Fai especial incidencia na descrición do sistema de coordinación coa administración e outros axentes.

Puntuación total do apartado 2 a): **5 puntos**

2 b) Descrición da metodoloxía a empregar en relación á redacción do Proxecto básico e de execución (máximo 5 puntos)

Para levar a cabo a actuación propón unha metodoloxía baseada na experiencia recollida noutros traballos e fixa tres fases principais recollidas nun esquema que xunta cos pasos sucesivos para ter éxito no desenvolvemento do dito proxecto.

Define de forma integral o proceso completo e a súa metodoloxía a aplicar como o inicio dos traballos nunha fase 0 e a partir de ahí o desenvolvemento dos traballos previos da fase 1 que inclúe: a análise dos antecedentes, o programa de necesidades, os condicionantes existentes, o informe do estado actual e patoloxías, a cartografía, topografía e planimetrías de levantamentos, o informe de arqueoloxía e a coordinación entre axentes intervinientes. Na fase 2 da proposta de actuación e maila súa aprobación contempla a proposta arquitectónica coa súa estimación orzamentaria e a proposta de tramitacións. A fase 3 do proxecto básico e de execución describe a metodoloxía da súa redacción cos diferentes contidos (memoria, planos, seguridade e saúde, xestión de residuos, programa de traballos, pregos de prescricións, anexos, xustificación da normativa de aplicación, orzamento,...), topografía e planimetría complementaria, informe do estado actual e patoloxías, ensaio xeotécnicos e das estruturas existentes (de ser necesario) así como a previsión das modificacións relativas ás tramitacións e aprobacións correspondentes.

Describe os pasos precisos para as diferentes fases do proxecto básico e de execución para o uso deportivo de forma xenérica; no entanto, bótase en falta a carencia pormenorizada e adaptada para o ámbito específico do eixo A Malata-FIMO-A Cabana. Fai especial fincapé na coordinación para garantir no proceso unha correcta execución e anticiparse aos problemas que poidan xurdir, aínda que se refire á obra e non especificamente á fase do proxecto básico e de execución, os cales puideran abordarse dun xeito diferente.

Puntuación total do apartado 2 a): **2,5 puntos**

Puntuación total do apartado 2: 7,5 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2 UTE MONTERO PARAPAR ARQUITECTOS- PROYFE, SL: 40 puntos

Tendo en conta o informado pola técnica municipal; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto; ponderou a oferta correspondente a criterios subxectivos (sobre 2) coa puntuación que detalla no seu informe de data 25/04/2024.

3.-Apertura pública dos arquivos electrónicos-sobres nº 3 “Oferta correspondente a criterios avaliáveis en cifras ou porcentaxes”. Adopción dos acordos que procedan.

Sendo acto público e comprobado a ausencia de interesados en presenciar o acto convocado, procedeuse coa apertura electrónica de sobres, e co estudio da documentación presentada, resultando como segue:

SOBRE 3	Tipo licitación sen IVE: 372.286,89 €
----------------	---------------------------------------

(Plan director: 24.819,12 €; Proxecto básico e de execución: 347.467,77 €)	
(UTE) MONTERO PARAPAR ARQUITECTOS- PROYFE, SL	<p>Que presenta a seguinte <u>oferta económica</u>:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Importe Plan Director 18.400 € • Importe Proxecto basico e de execucion 257.600. € • IMPORTE TOTAL SEN IVE 276.000 € <p><u>Formación específica:</u></p> <p>A) Que ofertan como formación específica dun dos técnicos integrantes do equipo, que debe adscribirse á execución do contrato como compromiso mínimo de medios persoais, a posesión dun Master en Dirección e Xestión de Proxectos ou en Project Management, como formación adicional ao requisito de titulación mínimo esixido.</p> <p style="text-align: center;">SI</p>

Rematado o exame da documentación contida nos arquivos correspondentes ao sobres 3; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, acordou:

- Remitir a revisión e informe a oferta automática do único licitador concorrente.

4.-Valoración da oferta contida nos arquivos electrónicos-sobres nº 3 “Oferta correspondente a criterios avaliados en cifras ou porcentaxes”. Adopción dos acordos que procedan.

Deuse conta do informe técnico de valoración da oferta correspondente a criterios obxectivos emitido, en data 06/05/2023, pola arquitecta municipal de Urbanismo.

No informe técnico de valoración consta o seguinte:

PROCEDENCIA: ARQUITECTA MUNICIPAL

DESTINO: CONTRATACIÓN

ASUNTO: INFORME DE VALORACIÓN DO SOBRE 3 DAS OFERTAS PRESENTADAS AL PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DA CIDADE DO DEPORTE DE FERROL E DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN DIRECTOR.

Antecedentes

Con data 06 de maio de 2024 a Mesa de Contratación Permanente solicita para o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada indicado previamente a emisión de informe de valoración da proposta presentada en relación á oferta de criterios automáticos ou mediante aplicación de fórmulas (Sobre 3).

Os criterios de valoración que serven de base para a elaboración do presente informe atópanse recollidos no punto “15. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN” do ANEXO I: CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada para a contratación do servizo de redacción do PLAN DIRECTOR DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DA CIDADE DO DEPORTE DE FERROL E DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN DIRECTOR.

Oferta presentada

Para o presente procedemento consta única oferta da UTE MONTERO PARAPAR ARQUITECTOS- PROYFE, SL e que se remitiu a esta

técnica para a súa valoración:

Valoración de criterios de axudicación avaliados de forma automática:

1 OFERTA ECONÓMICA (45 puntos)

A puntuación económica obtense sobre o máximo de 100 puntos establecidos pola formulación e recálculase proporcionalmente en base ao total da puntuación definida polo prego para este criterio.

O tipo de licitación é o seguinte:

Plan Director 24.819,12 €

Proxecto básico e de execución 347.467,77 €

Orzamento base de licitación total sen IVE 372.286,89 €

A oferta presenta unha oferta económica total de 276.000,00€ sen IVE (desglosada en 18.400,00€ para o Plan Director e de 257.600,00€ para o Proxecto Básico e de Execución).

Xúntase cálculo da oferta presentada.

1 Puntuación total da oferta económica: 45 puntos

2 FORMACIÓN ESPECÍFICA (10 puntos)

Valorarase a seguinte formación específica relacionada co obxecto do contrato na redacción do Plan Director e do Proxecto básico e de execución: Título de Máster -oficial homologado- en Dirección e Xestión de Proxectos ou título de Máster -oficial homologado - en Project Management; dita formación deberá ser título adicional ao que habilita para desenvolver a profesión.

Valorarase con 10 puntos que un dos técnicos integrantes do equipo, que debe adscribirse ao contrato como compromiso mínimo de medios persoais, ademais dos requisitos de titulación mínimos esixidos, posúa un Master en Dirección e Xestión de Proxectos ou en Project Management.

Presenta a titulación de Project Management Professional (PMP) del Project Management Institute (CORPORATE SEAL PENNSILVANIA) acompañada do título universitario universitario oficial de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña. Non é obxecto de valoración dado que non é titulación Máster- oficial homologado- en Dirección e Xestión de Proxectos ou título de Máster -oficial homologado - en Project Management segundo se solicita para a valoración deste apartado.

2 Puntuación total da formación específica: 0 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3 UTE MONTERO PARAPAR ARQUITECTOS- PROYFE, SL: 45 puntos

En consecuencia do anterior; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, adoptou os seguintes acordos:

- PONDERAR a oferta relativa a criterios automáticos presentada no arquivo electrónico-sobre nº 3 da presente licitación, coa puntuación que detalla a técnica municipal no seu informe de data 06/05/2024.

Tendo en conta as valoracións outorgadas nos informes técnicos que constan no expediente: o emitido en data 25/04/2024 (*correspondente á valoración da oferta-criterios avaliados mediante un xuízo de valor*) e o emitido en data 06/05/2024 (*correspondente á valoración da oferta -criterios avaliados de xeito automático*) a ponderación final da oferta presentada pola única concorrente na licitación AVH 05004 24/17 acada unha:

PUNTUACIÓN FINAL DE 85 PUNTOS.

Consultados os certificados das respectivas inscricións no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público (ROLECE) e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (*núm. 194- Proyfe SL*) referidos polas dúas integrantes da UTE:

- REQUIRIR da empresa UTE MONTERO PARAPAR ARQUITECTOS- PROYFE, SL a presentación de documentación, nos termos establecidos na cláusula 27 do PCAP. Advertíndolle das consecuencias de non cumprimentar adecuadamente o requirimento no prazo concedido.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

DILIXENCIA: *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 30/05/2024.; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*